



Anuario climatolóxico de Galicia 2007

XUNTA DE GALICIA

Anuario climatolóxico de Galicia 2007

Edita: **Consellería de Medio Ambiente de Desenvolvemento Sostible**
Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible
San Lázaro, s/n
15781 - Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 763. Fax: 981 541 765
Enderezo web: <http://medioambiente.xunta.es/>

Maquetación:
ocumodeseño

Imprime: **Litonor**
Dep. leg.: C 3760-2008

Coordinación:

- Centro de Investigación e Información Ambiental
Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible
Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible
Xunta de Galicia
- MeteoGalicia
Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible
Universidade de Santiago de Compostela

Redactores:

- Santiago Salsón Casado, Paloma Barreiros Alonso, Lino Rafael Naranjo Díaz, Juan José Taboada Hidalgo, Raquel Cruz Guerrero, José Antonio Souto González e Vicente Pérez Muñuzuri.
MeteoGalicia. Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.
Xunta de Galicia.

ÍNDICE

• PRESENTACIÓN.....	9
• INTRODUCCIÓN	11
• MAPA: LOCALIZACIÓN DAS ESTACIÓNS.....	15
• COORDENADAS DAS ESTACIÓNS	17
• CONDICIÓNS SINÓPTICAS	19
• RESUMO POR VARIABLE	35
Temperatura media	37
Temperatura máxima media	39
Temperatura mínima media	41
Oscilación térmica media	43
Temperatura máxima absoluta	45
Temperatura mínima absoluta	47
Humidade estándar	49
Precipitación total	51
Precipitación máxima en 24 horas.	53
Balance hídrico	55
Horas de sol	57
Insolación	59
Vento	61
Chuvia	63
Xeada	65
Orballo/rosada e néboa	67
Irradiación media diaria	68
• RESUMO POR ESTACIÓN	71
A CORUÑA	
CIS Ferrol-A.....	77
Corrubedo-A.....	78
Fontecada-A	79
Mabegondo-A.....	80
Malpica-A.....	81
Marco da Curra-A	82
Melide-A	83
Muralla-A	84
Olas-A	85
Punta Candeeira-A	86
Río do Sol-A.....	87
Sálvora-A.....	88
Santiago-EOAS-A.....	89
Sergude-A.....	90
Serra da Faladoira-A	91
LUGO	
Abradelo-A.....	95
Ancares, Os-A	96
Bóveda-A	97
Burela-A.....	98
Campus Lugo-A	99
Conchada-A.....	100
Corno do Boi-A.....	101
Courel-A.....	102
Folgueiras de Aigas.....	103
Foz-A.....	104
Fragavella-A.....	105
Guitiriz-A	106
Marroxo-A.....	107
Pedro Murias-A	108
Penedo do Galo-A	109

LUGO		OURENSE	
Pol-A	110	Serra do Eixe-A	132
Pontenova, A-A	111	Verín-A	133
Portomarín-A.....	112	Viana do Bolo-A.....	134
Sambreixo-A	113	Xurés, O-A	135
Serra Vacaloura	114	PONTEVEDRA	
Xipro, O.....	115	Arcos da Condesa.....	139
Xunqueira	116	Caldas de Reis-A.....	140
OURENSE		Castro Vicaludo-A.....	141
Alto do Rodicio-A.....	119	Castrove-A.....	142
Amiudal-A.....	120	Corón-A.....	143
Baltar-A	121	Fornelos de Montes-A	144
Cabeza de Manzaneda-A.....	122	Illas Cíes-A.....	145
Castelo da Pena	123	Lourizán-A	146
Entrimo-A.....	124	Monte Aloia-A	147
Gandarela-A	125	Mouriscade-A.....	148
Invernadeiro, O-A.....	126	Ons-A	149
Monte Medo-A.....	127	Pereira-A	150
Ourense-Ciencias-A	128	Queimadelos-A.....	151
Petarelas, As-A.....	129	Rebordelo-A	152
Pielas	130	Sanxenxo-A.....	153
San Xán de Río-A	131	Serra do Faro-A	154
• GLOSARIO			155

PRESENTACIÓN

Comprácame presentar o *Anuario climatolóxico* correspondente ao ano 2007, o cal representa a novena entrega desta serie de publicacións que pretender recoller e resumir os datos máis relevantes que caracterizaron a meteoroloxía galega durante ese ano. Tanto este anuario como os anteriores poden atoparse na web do Servizo de Información Ambiental de Galicia (SIAM; www.siam-cma.org).

Nesta edición inclúense por vez primeira os datos dun conxunto de estacións automáticas instaladas desde o ano 2005 e que veñen substituír as estacións manuais, así como os derivados de novas estacións situadas en zonas non axeitadamente cubertas pola rede de estacións meteorolóxicas con anterioridade. Así, este anuario presenta información de catro novas estacións automáticas na Coruña, 11 en Lugo, 11 en Ourense e 7 en Pontevedra, o que reflicte o esforzo que a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible está a desenvolver para ampliar e consolidar a rede de observación meteorolóxica do Servizo Meteorolóxico de Galicia, MeteoGalicia. A información facilitada pola citada rede, posta á disposición do público a través da web www.meteogalicia.es, está a ser empregada por multitude de usuarios públicos, empresas privadas e cidadáns en xeral, en numerosos e variados aspectos da meteoroloxía e climatoloxía.

Neste anuario de 2007, xunto aos resumos mensuais, engádese un resumo anual no que se resaltan os datos máis relevantes en canto ás condicións sinópticas, temperaturas e precipitacións en Galicia neste período.

As temperaturas deste ano 2007 quedaron próximas aos valores normais, aínda que pode dicirse que, en xeral, as máximas foron lixeiramente superiores, sobre todo a partir do mes de setembro. En canto ás precipitacións, e en contraste co ano 2006, no que se produciron chuvias outonais moi intensas, o ano 2007 pode considerarse seco e incluso moi seco nalgúns lugares, como no caso de Lourizán, onde se acadaron os valores mínimos de toda a serie de datos que abrangue os últimos 50 anos. A escaseza de precipitacións foi especialmente notable no outono e no inverno, despois dun húmido verán.

Do mencionado nas liñas anteriores, vemos os grandes contrastes meteorolóxicos que nun curto espazo de tempo podemos atopar na nosa xeografía. É o meu desexo que os datos tanto desta serie de publicacións como os que ofrecemos a través da Internet axuden a manter a memoria do noso tempo e clima. Para rematar, quero expresar un ano máis o noso agradecemento a todos os observadores que colaboraron nos anos precedentes, así como aos que aínda continúan neste valioso labor.

Manuel Vázquez Fernández

Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible

INTRODUCCIÓN

O *Anuario climatolóxico de Galicia* é un documento en que se recollen todos os datos ofrecidos polas estacións meteorolóxicas dependentes da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia. Na rede intégrase tamén a estación de Corón, dependente do Centro de Investigacións Mariñas en Vilanova de Arousa.

Dende a instalación da primeira estación de observación meteorolóxica de carácter manual, que data do ano 1955, a rede de observación foise ampliando de maneira progresiva ata quedar configurada na actualidade por 33 estacións manuais repartidas por toda a xeografía galega. No ano 1998, comezouse a instalación dunha moderna rede de estacións automáticas, integrada actualmente por 71 estacións con transmisión de datos en tempo real. Neste anuario de 2007 utilizouse a información daquelas estacións que contan con suficiente número de datos no ano considerado. Ao longo deste documento, para indicar que a estación é automática, engadíuselle un ‘A’ ao nome da estación.

En todas as estacións manuais, diarias ou semanais, mídense unhas variables comúns:

- Temperatura máxima diaria a 1.5 m.
- Temperatura mínima diaria a 1.5 m.
- Humidade máxima diaria a 1.5 m.
- Humidade mínima diaria a 1.5 m.
- Percorrido do vento (diario ou semanal).
- Precipitación (diaria ou semanal).

Ademais, nalgunhas delas, mídense tamén as horas de sol, coas que se calcula a insolación.

No caso das estacións automáticas, onde a frecuencia da toma de datos é dezminutal, as variables rexistradas son:

- Temperatura e humidade relativa a 1.5 m.
- Presión.
- Velocidade e dirección do vento a 10 m.
- Precipitación.
- Radiación solar global.

A partir dos datos das estacións manuais e automáticas, realizouse unha análise estatística climatolóxica para o ano 2007. Naquelas localizacións en que se dispón de estación manual e automática, tomáronse soamente os da estación automática, agás no caso das variables “horas de sol” e “insolación”, para as cales foron considerados os datos da estación manual.

No apartado *condicións sinópticas* recóllese unha análise das situacións sinópticas predominantes que lle afectaron a Galicia ao longo de cada mes. Así mesmo, preséntanse mapas mensuais da chuvia acu-

mulada, promedio de temperaturas máximas e mínimas e anomalías de presión. Este ano por primeira vez, inclúese tamén un resumo anual cos correspondentes mapas.

No apartado denominado *resumo por variable* preséntanse, para cada unha das estacións, os valores mensuais dunha serie de variables. Co obxectivo de que os valores fosen representativos, tomouse como criterio a utilización dos datos sempre que o número de valores dispoñibles sexa superior ao 60% do total dos rexistros mensuais no caso de valores medios e dun 80% no caso de valores acumulados. Nas estacións automáticas estableceuse un mínimo do 75% de datos dezminutais para considerar o día con datos. Os valores anuais indícanse só cando o número de meses con observacións válidas foi superior ao 60%. No caso de valores medios, máximos ou mínimos, indícanse as estacións que tiveron observacións entre un 60% e un 80% dos meses. No entanto, no caso dos valores acumulados, sinálanse todas aquelas estacións en que o ano non está completo, xa que nestes casos os valores acumulados non poden ser comparados cos doutras estacións.

As variables tabuladas son as seguintes:

- Temperatura media (°C). Indícase tamén a media anual.
- Temperatura máxima media (°C). Indícase tamén a media anual.
- Temperatura mínima media (°C). Indícase tamén a media anual.
- Oscilación térmica (°C). Indícase tamén a media anual.
- Temperatura máxima absoluta (°C). Indícase tamén a máxima absoluta anual.
- Temperatura mínima absoluta (°C). Indícase tamén a máxima absoluta anual.
- Humidade estándar (%). Indícase tamén a media anual.
- Precipitación total acumulada (mm). Indícase tamén a chuvia acumulada anual.
- Precipitación máxima en 24 horas (mm). Indícase tamén a máxima anual.
- Balance hídrico. Indícase tamén o balance anual. Este ano e por primeira vez, o balance hídrico obtense a partir da diferenza entre a precipitación rexistrada e a evapotranspiración potencial (ETP) obtida segundo o método de Penman-Monteith. Debido a que nesta ecuación se utilizan como datos de entrada a temperatura máxima e mínima, a humidade relativa, as horas de sol e a velocidade do vento, a ETP –e polo tanto o balance hídrico–, só puido ser calculada naquelas estacións meteorolóxicas que miden todas estas variables.
- Horas de sol (horas/mes). Indícase tamén o total anual. Sinálanse aquelas estacións automáticas en que se tomaron os datos das correspondentes manuais.
- Insolación (%). Indícase tamén a media anual.
- Velocidade media do vento (m/s). Indícase tamén a media anual.
- Chuvia (días). Indícase tamén o total anual.
- Xeada (días). Indícase tamén o total anual.
- Orballo/Rosada (días). Indícase tamén o total anual.
- Néboa (días). Indícase tamén o total anual.
- Irradiación media diaria. Indícase tamén a media anual.

No apartado *resumo por estación* recóllese para cada unha das estacións a seguinte información:

- Resumo anual para as seguintes variables (cando se miden na estación):

- Media anual da temperatura media diaria.
- Media anual das temperaturas máximas diarias.
- Media anual das temperaturas mínimas diarias.
- Temperatura máxima absoluta.
- Temperatura mínima absoluta.

Para as temperaturas máxima e mínima absolutas, indícase a data en que se rexistrou o devandito valor. No caso de varias datas, amósase a primeira e a última.

- Media anual da humidade estándar.
 - Precipitación anual total.
 - Horas de sol totais no ano.
 - Media anual da irradiación media diaria.
 - Media anual da velocidade media do vento.
- Gráfica de evolución das temperaturas mensuais máximas e mínimas, tanto medias como extremas. Representase tamén o número de días de xeadas.
 - Gráfica de evolución da precipitación total, o balance hídrico e a temperatura media mensuais.
 - Gráfica de evolución da humidade estándar, a porcentaxe de insolación.
 - Rosa dos ventos e velocidade media do vento en cada unha das direccións representadas, indicando a porcentaxe de días de calma (ventos con velocidade inferior ou igual a 1.5 m/s).

Cada un dos tipos de gráficas mostra a mesma escala en todas as estacións, de xeito que as gráficas se poden comparar visualmente.

Ao comezo deste apartado inclúese unha páxina en que se mostra un esquema da información por estación. Nela explícanse os datos e as gráficas que se amosan nesta sección.

Os datos recollidos polas estacións automáticas e manuais, así como os seus resumos, pódense atopar a través da Internet no Sistema de Información Ambiental de Galicia (www.siam-cma.org).

MAPA: LOCALIZACIÓN DAS ESTACIÓNS



COORDENADAS DAS ESTACIÓNS

ESTACIÓ	CONCELLO	ANO DE INSTALACIÓ	UTMX-29T	UTMY-29T	ALTITUDE
A CORUÑA					
CIS Ferrol-A	Ferrol	2000	560578	4815885	34
Corrubedo-A	Ribeira	2000	497771	4711638	30
Fontecada-A	Santa Comba	2003	510859	4757557	369
Mabegondo-A	Abegondo	2000	560019	4788103	94
Malpica-A	Malpica	2005	513379	4798361	161
Marco da Curra-A	Monfero	2000	589733	4799728	651
Melide-A	Melide	2003	583167	4751251	477
Muralla-A	Lousame	2001	518427	4732806	661
Olas-A	Mesía	2005	558736	4775147	401
Punta Candeeira-A	Cedeira	2004	576464	4839683	254
Río do Sol-A	Coristanco	2005	525267	4771652	540
Sálvora-A	Ribeira	2006	498997	4701610	24
Santiago-EOAS-A	Santiago de Compostela	2005	536101	4747354	255
Sergude-A	Boqueixón	2000	544158	4741500	231
Serra da Faladoira-A	Ortigueira	2005	597892	4827467	576
LUGO					
Abradelo-A	Samos	2005	643449	4734442	826
Ancares, Os-A	Cervantes	2000	669916	4743224	1.364
Bóveda-A	Bóveda	2005	625025	4723028	432
Burela-A	Burela	2005	631194	4833932	421
Campus Lugo-A	Lugo	2000	618769	4761493	419
Conchada-A	Quiroga	2005	641809	4706108	697
Corno do Boi-A	Friol	2005	590324	4765782	731
Courel, O-A	Folgozo	2005	648423	4717609	777
Folgueiras de Aigas	Navia de Suarna	1981	669976	4758503	910
Foz-A	Foz	2005	639190	4824470	73
Fragavella-A	Abadín	2003	625827	4812691	595
Guitiriz-A	Guitiriz	2001	598945	4786917	684
Marroxo-A	Monforte	2001	623277	4703623	645
Pedro Murias-A	Ribadeo	2000	654995	4822868	51
Penedo do Galo-A	Viveiro	2005	615988	4835419	545
Pol-A	Pol	2005	639736	4780523	647
Pontenova, A-A	A Pontenova	2005	648619	4800328	490
Portomarín-A	Portomarín	2005	612930	4741204	447
Sambreixo-A	Guitiriz	2005	598421	4777923	496
Serra Vacaloura	Monterroso	1995	601970	4741768	795
Xipro, O	A Fonsagrada	1978	660504	4782755	840
Xunqueira	Viveiro	1991	612845	4834430	15

COORDENADAS DAS ESTACIÓNS (continuación)

ESTACIÓN	CONCELLO	ANO DE INSTALACIÓN	UTMX-29T	UTMY-29T	ALTITUDE
OURENSE					
Alto do Rodicio-A	Maceda	2000	616292	4684126	981
Amiudal-A	Avión	2005	562796	4696309	553
Baltar-A	Baltar	2005	607180	4644830	807
Cabeza de Manzaneda-A	Manzaneda	2006	640477	4680282	1.758
Castelo da Pena	Vilardevós	1984	636358	4642815	670
Entrimo-A	Entrimo	2005	574209	4644255	763
Gandarela-A	Celanova	2005	585343	4669787	623
Invernadeiro, O-A	Vilariño de Conso	2000	636959	4664595	1.026
Monte Medo-A	Baños de Molgas	2005	613230	4676811	608
Ourense-Ciencias-A	Ourense	2005	594370	4688943	167
Petarelas, As-A	Rubiá	2005	670351	4703493	577
Pielas	Cea	1990	585455	4708064	680
San Xán de Río-A	San Xoán de Río	2005	640275	4695132	1.026
Serra do Eixe-A	O Barco de Valdeorras	2005	664123	4691376	1.229
Verín-A	Verín	2001	632785	4648384	546
Viana do Bolo-A	Viana do Bolo	2005	657933	4669863	851
Xurés, O-A	Muiños	2005	585393	4639803	1.059
PONTEVEDRA					
Arcos da Condesa	Caldas de Reis	1988	531354	4713851	145
Caldas de Reis-A	Caldas de Reis	2006	531377	4716165	268
Castro Vicaludo-A	Santa María de Oia	2004	511201	4649389	473
Castrove-A	Poio	2001	524431	4701030	424
Corón-A	Vilanova de Arousa	2002	516145	4714422	14
Fornelos de Montes-A	Fornelos de Montes	2000	549546	4685177	705
Illas Cíes-A	Vigo	2005	508273	4674072	25
Lourizán-A	Pontevedra	2001	527749	4695489	57
Monte Aloia-A	Tui	2000	526634	4658771	484
Mouriscade-A	Lalín	2000	570876	4718574	500
Ons-A	Bueu	2005	505372	4692421	121
Pereira-A	Forcarei	2005	555930	4720490	717
Queimadelos-A	Mondariz	2001	547280	4675170	371
Rebordelo-A	Cotobade	2005	540986	4702027	367
Sanxenxo-A	Sanxenxo	2006	516677	4694770	34
Serra do Faro-A	Rodeiro	2005	587674	4714920	991

Negra: observación semanal da precipitación e do vento.

Resto: observación diaria nas manuais e dezminutal nas automáticas (-A).

CONDICIÓN SINÓPTICAS


RESUMO ANUAL

Os tres primeiros meses do ano 2007 foron relativamente normais, con repetidas situacións do su- doeste en febreiro que deixaron un mes moi chuvioso e con situacións de norte en marzo que orixinaron un arranque primaveral frío. Pero a partir de abril as condicións foron anómalas para o resto do ano. En abril predominaron as condicións anticiclónicas, e o tempo pódese considerar como propio do verán en boa parte do mes. Cando os prognósticos estacionais informaban de que esta situación podía ter continuidade, deixando un verán moi cálido e seco, a situación mudou e o verán estivo caracterizado pola presenza de aire frío en altura sobre o Atlántico norte que practicamente non deu lugar a situacións anticiclónicas en xuño e xullo, sendo o mes de xuño o segundo máis chuvioso do ano. Esta bolsa de aire frío estivo bloqueada durante este período polas altas presións que afectaron a Europa central e oriental, deixando nestas zonas fortes vagas de calor. Durante o mes de agosto a situación foise normalizando, ata que na derradeira semana as altas presións se instalaban ao norte da península Ibérica. Esta situación tivo un predominio abafador ao resto do ano, deixando o outono máis seco das últimas décadas en Galicia, posto que as poucas fronteiras que conseguiron chegar a Galicia dende o Atlántico viñan moi debilitadas.


Temperatura e precipitación: Nos primeiros meses do ano (xaneiro a maio) as temperaturas foron en xeral superiores ao agardado, especialmente no caso das temperaturas mínimas. A precipitación foi variable nos distintos meses, destacando só o caso de febreiro, novamente húmido ou moi húmido tras varios anos rexistrando valores en xeral inferiores ao normal.

Os meses de verán destacaron tanto polas temperaturas, inferiores en xeral ao agardado, como pola chuvia: xuño e xullo foron meses húmidos ou mesmo moi húmidos. Non obstante, as cantidades de precipitación acumulada foron, loxicamente, non moi elevadas, polo que a súa contribución no total anual resulta pouco apreciable.


Dende setembro a característica máis notable foi a seca: o outono de 2007 pode considerarse o máis seco dos últimos 50 anos nas series de Pontevedra e Santiago de Compostela e o segundo máis seco (despois de 1978) en Lugo, Ourense e A Coruña. Esta situación continúa no mes de decembro. En canto ás temperaturas, neste período as máximas nas horas centrais do día acadaron en xeral valores superiores ao agardado. Isto, porén, non se aprecia nos valores medios debido a que as mínimas foron claramente máis baixas do agardado, especialmente en novembro e decembro.



Precipitación acumulada



Temperatura media das máximas




Temperatura media das mínimas

Considerando o ano no seu conxunto, o máis salientable sería a precipitación: pode considerarse un ano seco ou moi seco (salvo no caso da zona de Ferrol-A Coruña), especialmente no caso das estacións de Santiago de Compostela e Lourizán. Nesta estación, a máis antiga da consellería, con rexistros de precipitación dende 1955, 2007 xa pode considerarse o ano máis seco da serie. As temperaturas non destacan tanto como no caso do ano 2006, que foi un ano claramente cálido. A media anual con frecuencia quedou preto dos valores normais, aínda que pode dicirse que a media das máximas segue sendo, en xeral (agás algunha excepción), superior ao valor medio agardado.

XANEIRO

Mes moi variable pero con tendencia cara a seco e cálido


Durante o mes de xaneiro tivemos una oscilación de situacións sinópticas con grande variabilidade, o que propiciou que os valores medios do mes en temperatura media non se separasen dos agardados. No entanto, as chuvias estiveron, en xeral, por debaixo da media, agás no norte da Coruña e Lugo. Así, durante os primeiros 8 días do mes, a situación en Galicia foi intermedia entre as altas e as baixas presións, o que deixou un tempo en xeral caracterizado pola nebulosidade, con temperaturas suaves e chuvias escasas, preferentemente localizadas na metade norte. Entre os días 9 e 14 a situación foi anticiclónica, pero as altas presións enviaron unha masa de aire tépedo a Galicia, o que fixo que as temperaturas non descendesen por debaixo da media. Na terceira semana do mes a situación foi semellante á vivida durante os primeiros 8 días, con ventos do sudoeste, masas de aire atlántico húmidas e temperadas, que deixaron temperaturas altas, moita humidade e nebulosidade, pero chuvias escasas. A partir do día 22 a situación cambiou coa chegada dunha masa de aire moi frío procedente do Atlántico norte, que deixou unha importante caída nos termómetros, chuvias de intensidade moderada na metade norte de Galicia e unha cota de neve que foi baixando ata situarse nos 400-500 metros durante as xornadas do 23, 24 e 25. A partir do 28 Galicia estivo novamente nunha situación pouco definida entre as altas e as baixas presións.




Anomalías de presión a nivel medio do mar

Precipitación: As chuvias acumuladas durante este mes estiveron, en xeral, por debaixo dos valores medios durante o período 1971-2000. Soamente no norte da Coruña e Lugo se pode considerar este mes como normal en canto ás chuvias. Isto é debido a que a semana entre o 22 e o 28 os ventos de compoñente norte ocasionaron chuvias de intensidade moderada nesa zona e moito máis débiles no sur. No resto do mes Galicia non estivo baixo a influencia de borrascas, senón que se tratou de situacións intermedias que deixaron poucas chuvias.


Temperaturas: As temperaturas medias estiveron en xeral por riba das agardadas nun mes de xaneiro, aínda que a semana de frío entre o 22 e o 28 matizou moito as anomalías. Así, durante este mes as anomalías en temperatura media non superan en xeral 1 °C, pero as temperaturas mínimas presentan anomalías máis acusadas, superándose os 2 °C en puntos como Ourense, Lugo ou Lourizán.



Precipitación acumulada



Temperatura media das máximas




Temperatura media das mínimas

FEBREIRO

Mes chuvioso e con temperaturas moi suaves en xeral, nomeadamente no caso das temperaturas nocturnas

O mes de febreiro caracterizouse pola presenza de baixas presións no Atlántico que deixaron en Galicia un continuo paso de frentes de chuva, con ventos do sudoeste, o que lle deu a este mes as características de tempo húmido e temperado. Soamente nos primeiros 4 días do mes se rexistrou un tempo estable e anticiclónico, sen chuva e con temperaturas nocturnas baixas. A partir do día 5, coa chegada da primeira




Anomalías de presión a nivel medio do mar


fronte procedente do Atlántico, en todos os días do mes se rexistrou chuva, en maior ou menor cantidade, agás na xornada do 26. Os días de maior cantidade de chuva coincidiron co paso das frentes máis activas, concretamente as xornadas do 11, 13, 15 e 23, mentres que nas xornadas que quedaban entre o paso destas sucesivas frentes as chuvias eran de menor intensidade, aínda que o tempo continuase dominado pola alta humidade a as temperaturas suaves.

Precipitación: O mes de febreiro pódese considerar húmido ou moi húmido en toda Galicia, debido á persistencia das chuvias a partir da segunda semana do mes. Soamente na zona das Rías Baixas se poden considerar estas chuvias como normais, con cantidades próximas aos 200 l/m².


Temperaturas: En canto ás temperaturas, cómpre destacar as altas temperaturas mínimas medias rexistradas en toda Galicia. Así, agás nos primeiros 4 días do mes, non se rexistraron xeadas en toda Galicia. As temperaturas mínimas medias deste febreiro de 2007 atópanse en xeral entre 1 e 3 °C por enriba da media dos 30 anos anteriores. Isto é debido á presenza de moitas madrugadas cos ceos cubertos e chuvias, o que dificulta o descenso dos termómetros. A este factor debemos engadirlle o feito de que a persistencia de ventos do sudoeste trouxese unha masa de aire atlántico moi húmida pero moi tépeda para esta época do ano a Galicia. Este efecto non é tan claro no tocante ás temperaturas máximas, que en moitos puntos se presentan como normais debido a que en moitas xornadas a presenza de nubes durante o día non favorecía a subida dos termómetros.



Precipitación acumulada



Temperatura media das máximas




Temperatura media das mínimas

MARZO

Mes variable, con tempo primaveral na segunda semana e moi invernal nos derradeiros días


O mes de marzo estivo caracterizado pola variabilidade. A primeira semana foi unha continuidade do tempo que caracterizou o mes de febreiro, é dicir, circulación do sudoeste, e polo tanto tempo húmido e con temperaturas suaves. Durante os días 8 e 9 as altas presións entraron dende os Azores, o que deixou dúas xornadas de transición, con ventos do norte e tempo frío. Esta transición deu paso posteriormente a unha situación anticiclónica que deixou 9 días consecutivos de tempo moi estable, dende o día 10 ata o 18, ambos inclusive. Estas xornadas estiveron caracterizadas polos ceos despexados e unha forte oscilación térmica, con frío e xeadas durante a madrugada, pero temperaturas altas durante o día, superándose en moitos lugares os 20 °C nas primeiras horas da tarde. Esta situación anticiclónica rematou bruscamente durante a madrugada do día 19 coa chegada dunha masa de aire ártico marítimo que deixou unha importante caída nas temperaturas diúrnas, chuvias concentradas na metade norte do país e a cota de neve por debaixo dos 1.000 metros de altura. Esta situación prolongouse ata o día 23. Durante a derradeira semana a situación foi inestable, continuando os ventos de compoñente norte e, polo tanto, as chuvias intermitentes e a cota de neve nos 1.000 metros de altura.




Anomalías de presión a nivel medio do mar

Precipitación: O mes de marzo pódese caracterizar como normal en canto ás chuvias debido principalmente a que nos primeiros días tivemos varias situacións de sudoeste e a partir do día 19 os ventos de norte deixaron tamén chuvias, aínda que máis concentradas na metade norte e nas zonas de montaña. Desta forma, a zona das Rías Baixas é a única na que a cantidade de chuva queda por debaixo da normal, mentres que no norte da Coruña os valores estarían por riba dos agardados neste mes.


Temperaturas: En canto ás temperaturas, o esquema é similar ao caso das chuvias. As temperaturas estiveron, en xeral, por debaixo da media agardada para este mes debido á persistencia dos ventos de compoñente norte na segunda quincena, agás nas Rías Baixas, onde esta influencia non foi tan decisiva e as temperaturas medias son as normais deste mes.



Precipitación acumulada



Temperatura media das máximas




Temperatura media das mínimas

ABRIL

Mes seco, con temperaturas altas e episodios treboentos

O mes de abril caracterízase, en xeral, pola presenza de altas presións durante as dúas semanas centrais do mes, con tempo en xeral seco, soleado e con altas temperaturas. Estas dúas semanas marcaron un mes con temperaturas máis altas do normal e menos chuvias. O mes comezou cunha situación de inestabilidade que deixou nubes e chuvias durante as primeiras 4 xornadas. O día 5 foi de transición, coas altas presións entrando en forma de cuña dende o Atlántico, e a partir do día 6 ata o 22 a situación estivo dominada polas altas presións. A situación meteorolóxica caracterízase, xa que logo, polo tempo seco,




Anomalías de presión a nivel medio do mar

soleado e con temperaturas altas, aínda que no período entre o 8 e o 13 a presenza de aire frío en altura deixou nubes de evolución e chuvascos treboentos irregularmente repartidos por toda Galicia. Na tarde do día 23 unha fronte chegou dende o Atlántico e trouxo un cambio na situación sinóptica, cunha derradeira semana caracterizada pola presenza de baixas presións, aínda que as fronteas chegaron moi debilitadas e isto deixou un descenso nas temperaturas e algunhas chuvias en xeral de carácter feble. Esta situación reflíctese claramente nos mapas de anomalías de presión


en superficie e altura, onde se aprecia claramente como as presións ao norte da península Ibérica foron máis altas do normal nesta época do ano.

Precipitación: O mes de abril témolo que considerar seco ou moi seco en xeral, dado que as fronteas da primeira e derradeira semana do mes foron moi febles e as treboadas da segunda semana estiveron repartidas de xeito moi irregular. Isto fai que soamente en puntos do interior, onde a media de chuvias dos anos anteriores é máis baixa que no litoral e as treboadas foron algo máis intensas, as chuvias poidan ser consideradas como normais. Entre as cidades de Galicia, soamente Ourense tivo máis chuvias das normais neste mes. Pontevedra é a zona con máis déficit.


Temperaturas: En canto ás temperaturas, cómpre destacar as altas temperaturas máximas medias rexistradas en toda Galicia, que se atopan en xeral entre 2 e 3 °C por riba da media dos 30 anos anteriores. Isto é debido á persistencia anticiclónica entre o 6 e o 22 de abril, con máximas moi altas, que chegaron a superar os 30 °C no interior. As mínimas presentan tamén anomalías positivas, pero non tan marcadas como no caso das máximas, porque as madrugadas con ceos despexados na segunda e terceira semana deixaron temperaturas nocturnas próximas ás normais.



Precipitación acumulada



Temperatura media das máximas




Temperatura media das mínimas

MAIO

Mes moi variable, con bruscos cambios de temperatura e treboadas intensas


O mes de maio foi extremadamente variable en Galicia, con transicións rápidas entre situacións anticiclónicas de calor e borrascas con aire frío. Isto dá lugar a que en xeral as medias, tanto de temperatura como de chuvia, non se aparten demasiado das normais para esta época do ano, entendendo como normais as medias dos 30 anos anteriores. Así, o mes comezou baixo a influencia da mesma borrasca coa que rematara o mes de abril, deixando dúas xornadas de nubes, chuvias e temperaturas baixas. A continuación as altas presións instaláronse sobre Galicia, deixando ata o día 9 un tempo seco, soleado con temperaturas que cara ao final do episodio superaron os 30 °C. Entre o día 9 e o 10 tivo lugar unha das dúas transicións bruscas que tivemos este mes. Así, o día 10 as temperaturas case que non superaron os 20 °C, de xeito que a caída nos valores diúrnos foi notable. Este episodio de borrasca estendeuse ata o día 15. Entre o 16 e o 20 rexístrase unha nova etapa anticiclónica, cunha nova transición brusca o día 21. A partir dese momento comezou unha semana caracterizada polas tormentas vespertinas, que foron particularmente intensas no sur de Galicia. Unha vez rematado este episodio treboento ocasionado pola presenza dunha bolsa de aire frío en altura, os derradeiros días do mes Galicia estivo novamente baixo a influencia de baixas presións atlánticas con nubes, chuvias intermitentes e temperaturas baixas para a época do ano.




Anomalías de presión a nivel medio do mar

Precipitación: As chuvias estiveron en xeral lixeiramente por debaixo do normal, comparando cos valores agardados neste mes, aínda que en puntos concretos de Galicia, debido á intensidade das treboadas da cuarta semana do mes, as chuvias estiveron incluso por riba do agardado. Así, en Ourense capital as chuvias acumuladas estiveron incluso por riba do dobre do normal, tal como se pode apreciar nas seguintes táboas.


Temperaturas: As temperaturas foron en todas as estacións principais de Galicia normais en canto á media, aínda que como vimos de describir no apartado anterior a variabilidade para chegar a esa media foi realmente extrema.



Precipitación acumulada



Temperatura media das máximas




Temperatura media das mínimas

XUÑO

Mes moi chuvioso e con temperaturas, en xeral, por debaixo das normais

O mes de xuño estivo caracterizado pola presenza de aire frío en altura sobre o Atlántico norte, o que alimentou centros de baixas presións que se foron achegando sucesivamente á nosa Comunidade. Isto deixou un mes moi chuvioso para a época do ano e con temperaturas diúrnas por debaixo do normal. Así, os primeiros días do mes as altas presións situábanse sobre Galicia e deixando un panorama de ceos pouco nebulosos e temperaturas altas. Este anticiclón mantívose estacionario os primeiros 6 días do mes. A partir do día 7 unha primeira fronte comezou a achegarse a Galicia, deixando un aumento das nubes e chuvias na xornada do día 8. Esta situación, con ventos de compoñente sur, nubes, humidade e chuvias, repetiuse nos seguintes días, ata a xornada do 22. Os días coas fronteas máis activas foron o 17 e principalmente o 19, cando en puntos das Rías Baixas se superaron os 60 l/m² nunha soa xornada. Entre o 22 e o 29 só se debe sinalar o paso dunha fronte cálida pouco activa na madrugada do día 25. As altas presións dominaron, polo tanto, o panorama meteorolóxico entre o 22 e o 29, aínda que os ventos de compoñente norte deron lugar á entrada dunha masa de aire frío e húmido que deixou un




Anomalías de presión a nivel medio do mar


ascenso moi lento de temperaturas e nubes na metade norte de Galicia. Na derradeira xornada do mes unha última fronte deixou aumento das nubes en toda Galicia e chuvias principalmente na metade oeste. Esta situación de baixas presións no atlántico déixase notar nos mapas de anomalías de presión en superficie e altura, con presións máis baixas do normal sobre o Atlántico, ao noroeste de Fisterra.

Precipitación: As chuvias rexistradas estiveron, en xeral, moi por riba do normal nun mes de xuño en toda Galicia tanto en días de chuvia como en cantidade. A suma do mes ofrece un valor superior aos 100 l/m² na costa, con puntos que superan os 150 e incluso os 200 no oeste da Coruña e lixeiramente por debaixo dos 100 l/m² no interior, aínda que sempre por riba dos 50.


Temperaturas: As temperaturas estiveron, en xeral, por debaixo da media dos 30 anos anteriores. Este efecto é máis notable en xeral no caso dos valores diúrnos, posto que a gran cantidade de noites con nubes deixou uns valores nocturnos máis próximos á media. A zona de Galicia menos afectada polas baixas temperaturas foi o litoral norte da Coruña e o litoral de Lugo, debido á persistencia dos ventos de compoñente sur.



Precipitación acumulada



Temperatura media das máximas




Temperatura media das mínimas

XULLO

Temperaturas máximas por debaixo da media con chuvias cuantiosas en toda Galicia


O mes de xullo estivo caracterizado en xeral pola inestabilidade e a chegada de continuos centros de baixas presións. A explicación deste fenómeno vén dada pola presenza de aire frío en altura sobre o Atlántico norte, que estivo bloqueado pola presenza de altas presións en Europa oriental ata a derradeira semana do mes, na que o tempo se normalizou sobre Galicia. Así, os primeiros días comezaron baixo a influencia dunha destas pequenas borrascas, o que deixou un principio do mes con ceos anubrados, chuvias e temperaturas baixas. Dentro da chegada de centros de baixas presións, destacan claramente, pola cantidade de chuvia, o que veu durante a tarde do 15 e a xornada do 16 e o que nos afectou durante a tarde do 22 e no día 23. No medio destes períodos inestables, dominados polas baixas presións, houbo visitas anticiclónicas, sempre co anticiclón debilitado pola presenza de aire frío en altura, pero que conseguiron deixar algunha xornada de tempo seco e soleado. Destaca principalmente o período entre o 12 e o 14 de xullo. A partir da xornada do día 24 o aire frío en altura comezou a retirarse, as altas presións movéronse cara ao norte e isto deixou unha derradeira semana do mes con tempo seco, soleado e altas temperaturas, que na xornada do 30 de xullo superaron os 30 °C en toda Galicia, agás na costa de Lugo. A situación descrita anteriormente reflíctese perfectamente nos mapas de anomalías de presión en superficie e altura, onde se poden apreciar as baixas presións relativas na zona do Atlántico norte.




Anomalías de presión a nivel medio do mar

Precipitación: Toda Galicia queda englobada nas categorías de mes húmido ou moi húmido. Cómpre destacar as chuvias que se produciron nas xornadas do 15 e o 22 de xullo, cando se rexistraron chuvias xeneralizadas e de intensidade entre moderada e forte en moitos puntos de Galicia. Tamén é interesante engadir que o número de días de chuvia é superior á media, rexistrándose 10 días de chuvia nas Rías Altas (estación de Ferrol) e 8 nas Rías Baixas (estación de Lourizán).


Temperaturas: As temperaturas estiveron, en xeral, por debaixo da media, notándose este efecto principalmente nas máximas por mor da cantidade de días de chuvia e de ceos anubrados que tiveron lugar. De todos os xeitos, estas anomalías quedan algo diminuídas polas altas temperaturas que se rexistraron nos últimos días do mes. Como dato, pódese salientar que en Ourense capital as máximas quedaron por debaixo dos 25 °C durante 15 días do mes, cando a media nun mes normal se sitúa nos 30 °C. En Santiago de Compostela rexístranse 10 días con 20 °C ou menos, cando a media se situaría nos 25 °C.



Precipitación acumulada



Temperatura media das máximas




Temperatura media das mínimas

AGOSTO

Temperaturas baixas, principalmente no interior e chuvias normais


O mes de agosto estivo caracterizado por un tempo moi irregular e cambiante. En xeral mantivéronse as condicións de aire frío en altura sobre o Atlántico norte, o que alimentou varias borrascas que se foron achegando a Galicia durante o mes. Deste xeito o primeiro día do mes comezou baixo os efectos dunha destas baixas, deixando un día de ceos anubrados e chuvias. Durante os seguintes 9 días o tempo estivo máis estable, con ceos pouco anubrados ou despexados. Os días 2, 3 e 4 rexistraron tamén temperaturas altas, con valores superiores aos 30 °C practicamente en toda Galicia, pero a partir do día 5 e ata o 12 as temperaturas foron máis suaves, aínda que o tempo continuou a ser seco e soleado. O día 13 marca un cambio de tempo por mor do achegamento dunha nova baixa, que deixou ceos anubrados, ventos de compoñente sur, que no litoral sopraron con intensidade moderada e chuvias, que se concentraron na noite do día 14 e na madrugada do 15, coincidindo con paso dunha fronte asociada ao centro de baixas presións anteriormente descrito. O período entre o 16 e o 24 foi moi semellante ao rexistrado entre o 5 e o 12, con ceos despexados no sur, algo máis anubrados no norte e temperaturas en xeral moi suaves. Esta situación estivo acompañada con ventos de compoñente norte. Os 5 días comprendidos entre o 25 e o 29 de agosto a situación sinóptica estivo marcada pola presenza de aire frío en altura e anticiclón en superficie, deixando unha situación potencialmente treboenta, con chuvascos que neste período alcanzaron toda Galicia en diferentes momentos e con diferente intensidade, sendo particularmente fortes na madrugada do 29 no norte de Lugo e A Coruña. O mes finalizou cunha situación anticiclónica e, polo tanto, ceos despexados e temperaturas altas na metade sur.




Anomalías de presión a nivel medio do mar

Precipitación: No comportamento das chuvias débese distinguir tamén entre o litoral e o interior. Así, as chuvias do primeiro día do mes e das xornadas do 13 ao 15 deixaron algunhas precipitacións non demasiado cuantiosas que marcan un mes próximo á normalidade, pero algo por debaixo do valor medio dos 30 anos anteriores. No interior os chuvascos treboentos do período entre o 25 e o 29 deixaron chuvias superiores á esta media.


Temperaturas: As temperaturas nas zonas do litoral durante o mes de agosto foron relativamente normais, dado que tanto durante os primeiros como nos derradeiros días do mes tivemos situacións de calor, e no resto do mes predominaron as situacións anticiclónicas con temperaturas suaves. Porén, no interior, onde as temperaturas durante o mes de agosto deberían ser máis altas, é onde se observan as maiores anomalías. Así, por exemplo, en Ourense capital a media das máximas durante este mes de agosto estivo 3 °C por debaixo da media.



Precipitación acumulada



Temperatura media das máximas




Temperatura media das mínimas

SETEMBRO

Mes seco, con temperaturas diúrnas por riba da media


